

Presentación

Este libro nace para coñecer mellor a economía dos concellos galegos e para reforzar a educación democrática. Porque a democracia é mecanismo delicado, fráxil, explicado en gran medida por razóns históricas, pero tamén por erros, ignorancias e negligencias que aínda permanecen. Sen esquecer que detrás da política está a economía, cos seus intereses afiadados, cos seu poder e influencia, con riscos e consecuencias non sempre controlados. Nos últimos 214 anos da vida política española, a experiencia democrática máis prolongada concéntrase no período actual, ese que iniciamos en 1978 e chega até os nosos días (36 anos). A ese tempo só podemos integrar o Trienio Liberal do XIX (1820-1823), así como a Primeira (1873-1874) e Segunda República (1931-1936). O resto consómese en contextos difíciles, complexos, duros, xa sexa pola existencia de guerras distintas (civís, coloniais, mundiais), por ditaduras dramáticas ou por absolutismos monárquicos da máis variada caste. En total, 45 anos de balbordos democráticos (22% do tempo considerado) e 169 anos con dificultades, sufrimentos e retrocesos (78% do tempo total). Manuel Fraga utilizaba eufemismos políticos curiosos cando facía referencias a esta situación. El falaba da *maioría natural*, porque estaba convencido de que en España só deberían gobernar os que mandaron sempre.

Pois ben, que balance podemos facer da nosa etapa democrática? A resposta non é doada porque existen luces e sombras que deben considerarse. Algunha luz existiu nos pactos políticos e económicos da Transición, ao poder alumar unha Constitución democrática que inclúe autonomía política para o País Vasco, Cataluña e Galicia, así como para outras rexións e illas. E tamén se constrúe un Estado Social que impulsa a economía e agranda o benestar da poboación. Estes avances abríronnos as portas de Europa para camiñar xuntos até hoxe, con acertos e fracasos, con avances e retrocesos. Se as conquistas políticas e sociais foron nun principio relevantes e incuestionábeis, tamén é verdade que os alicerces para soportar as institucións democráticas eran máis fráxiles do que pensabamos, complementadas agora por certas políticas europeas que danan e privilexian.

Ou sexa, que sombras e quebras tamén existen, silenciosas e ocultas, nos vieiros das nosas estruturas democráticas. Neste sentido, medra a conciencia política do cidadán, verifícase que a distribución do excedente xera contradición e compróbase como as mentiras políticas poden acadar dimensión obscena.

Algúns exemplos axudan a entender mellor esta situación. Fundamentar a estabilidade política a través de pactos entre a Monarquía e partidos maioritarios (UCD e PSOE), aos que se uniron Alianza Popular, PCE e os nacionalismos, semella, en principio, actitude intelixente, pero prolongar sen recoñecer erros e privilexios para facilitar acordos non deixa de ser comportamento equivocado que aínda incómoda. Por exemplo, os privilexios outorgados ao País Vasco e Navarra no financiamento autonómico incumpren o artigo 138.2 da Constitución. E este feito explica, en parte, a posición incómoda de Cataluña e tamén a incapacidade política dos Gobernos sucesivos para afrontaren con decisión este problema básico da convivencia.

Ademais, certas preguizas políticas afectan á xustiza, aos órganos de control e ao financiamento dos partidos políticos. Porque

o interese partidario é quen elixe os maxistrados do Tribunal Constitucional e do Consello Xeral do Poder Xudicial. E se a iso engadimos a acumulación de aforados e indultados por exerceren a profesión, pode que as cousas comencen a entenderse mellor. Pois non. O interese partidario tamén designa os conselleiros do Tribunal de Contas e dos Órganos autonómicos de Control Externo (OCEX), aprobando ademais as leis que regulan o seu funcionamento. E xa sabemos que se o controlado elixe o controlador, establecendo ademais as regras do xogo, as garantías do sistema son escasas ou inexistentes. É dicir, os pactos internos entre partidos políticos permanecen, pero os seus efectos e consecuencias xa non son consentidos polos cidadáns votantes e contribuíntes.

Ademais, a fragilidade democrática explícase tamén pola presenza de valores, normas e hábitos vellos de xestión que aínda perduran¹. No financiamento das administracións territoriais (Comunidades Autónomas, Deputación e concellos), interesa máis a contía dos ingresos que a súa xustiza e racionalidade. Na xestión urbanística, nos contratos de obra pública, na concesión de servizos ou na distribución das subvencións, a actividade pública protéxese con sombras e silencios dabondo. Como se a actividade administrativa estivese protexida e aniñase negocios e beneficios sen fin. Por iso, dicimos que sen responsabilidade fiscal (saber quen se beneficia e paga os servizos públicos) non hai responsabilidade política e sen responsabilidade política a democracia é un fracaso. A situación de Galicia ofrece trazos singulares que debemos aflorar, aínda que as súas administracións territoriais se comportan, en xeral, como as existentes noutras xurisdicións. Por iso, a transparencia e rendición de contas son de obrigado cumprimento, como tamén debería fiscalizar de forma permanente a xestión (pública ou privada) dos servizos públicos importantes.

En todo o caso, a situación actual non se explica só por crebas e deterioracións apreciados nos pactos políticos e económicos da Transición. Tamén debemos considerar os profundos cambios xerados na economía e no sector público pola globalización, o desregulamento e a distribución do excedente. Estas son, ao noso entender, as razóns que máis explican as mudanzas sociais que estamos a sufrir. Camiñar cara á pobreza e á desigualdade social, acumular patrimonios até límites obscenos ou construír sociedades inestábeis cheas de riscos son os resultados do presente. Por iso dicía o emperador Marco Aurelio Antonino Augusto, alcumado o Sabio, que *se os homes nacen os uns para os outros, ou os educamos ou os padecemos*. E cando Alexis de Tocqueville defendía a importancia da educación democrática, pensaba tamén no municipio como escola primaria desa educación básica. Por iso, os concellos incorporan valor e actualidade a convivencia humana.

Finalmente, quero expresar o meu agradecemento ás persoas que me animaron a escribir este libro. Pola súa paciencia, polo deseño pedagóxico dos gráficos e tamén por esa ilustración fermosa chea de peixes intelixentes.

¹ Savater (1997)